

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO (SEDE PROVINCIAL DE OURENSE), PARA POR A DISPOSICIÓN DESTA ASOCIACIÓN NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE, NO HOSPITAL PÚBLICO DE VALDEORRAS E NO HOSPITAL PÚBLICO DE VERÍN (ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) OS RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DE “APOIO E ACOMPAÑAMENTO” E “ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO”.**

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 16 de novembro do 2023, coa Asociación Española contra o Cancro (AECC), o instrumento convencional arriba referido. O Convenio ten unha duración inicial dun ano. Podendo prorrogarse por un ano máis de conformidade co sinalado no artigo 49. h, 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e no artigo 37.2 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia, formalizada por escrito con carácter previo ao seu remate.

O instrumento convencional ten por obxecto que o Servizo Galego de Saúde, poña a disposición da AECC, tanto no Hospital Universitario de Ourense como no Hospital Público de Valdeorras e no Hospital Público de Verín, os recursos necesarios para poder nestes centros desenvolver os programas denominados “Apoio e Acompañamento” e “As Actividades de Voluntariado”.

Os programas teñen por obxectivo facilitar de maneira inmediata a obtención da información necesaria, dos recursos existentes para a atención psicolóxica, social, informativa puntual e/ou específica aos pacientes e as pacientes recentemente diagnosticados de cancro e os seus familiares, en relación a situación da súa enfermidade: Identificando as necesidades do enfermo e/ou familia unha vez diagnosticado; avaliando o grao de malestar que presentan as persoas enfermas e os seus familiares tras recibir o diagnóstico e favorecendo o acceso aos diversos servizos que sexan máis axeitados e que se axusten as súas necesidades.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A AECC é unha institución con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de carácter benéfico asistencial e sen fin de lucro. Fundada en 1953 e declarada de “utilidade pública” en 1970, cuxo fin principal é loitar contra o cancro en tódalas posibles modalidades coñecidas, ou que no futuro se coñezan, mediante o desenvolvemento de funcións e actividades de divulgación, de prevención, de investigación, de información e de carácter sanitario ou asistencial.

Que o Servizo Galego de Saúde, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñece o importante papel da AECC. Por elo, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, está interesado en colaborar coa AECC.

Que a xerencia da área sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, incorpora entre os seus obxectivos o fomento do voluntariado, a través de programas de colaboración con entidades e asociación do eido sanitario.

Que co propósito de instrumentar una acción coordinada en tódolos campos de actuación en materia oncolóxica, ambas partes, de mutuo acordo deciden subscribir o presente convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

